

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Novembro 2010

NOTA DE PRENSA

En novembro de 2010 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 6% e os dos bens importados un 12,3%

Segundo os datos da operación "Índices de valor unitario para o comercio exterior", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia medraron un 6% en novembro de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 12,3%.

No que vai de ano (ata novembro), os prezos dos bens exportados diminuíron un 4,3% e os dos bens importados medraron un 11,7%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 12,1%. Os prezos dos bens de consumo aumentaron un 9% e o dos bens intermedios diminuíron un 0,3%.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo medraron un 15,3% e un 8,8%, respectivamente. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 17,7%



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Novembro 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	6,0	-4,3	ÍNDICE XERAL	12,3	11,7
Bens de consumo	9,0	0,2	Bens de consumo	8,8	5,7
Bens de equipo	12,1	0,6	Bens de equipo	-17,7	-9,5
Bens intermedios	-0,3	-11,1	Bens intermedios	15,3	15,2

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 8,8 para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 6,8% para a UE-25 e do 6,3% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE medraron un 4,8%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 11,3% e os procedentes do resto de países un 14,6%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Novembro 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	8,8	-2,0	UEM	13,2	12,4
UE-25	6,8	-4,1	UE-25	10,4	8,6
OCDE	6,3	-4,1	OCDE	11,3	9,6
Resto de países	4,8	-6,5	Resto de países	14,6	16,5

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>